

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

MÚSICA DE CÁMARA

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1. Marco legal.....	3
1.2. Características do centro e do alumnado.....	4
2. METODOLOXÍA.....	5
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	6
4. TEMAS TRANSVERSAIS.....	7
4.1. Educación en valores.....	7
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.....	8
5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS.....	8
6. SECUENCIACIÓN POR CURSOS.....	9
6.1. QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	9
6.1.1. Obxectivos.....	9
6.1.2. Contidos.....	9
6.1.3. Criterios de avaliación.....	11
6.1.4. Contidos mínimos esixibles.....	11
6.2. SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.....	12
6.2.1. Obxectivos.....	12
6.2.2. Contidos.....	12
6.2.3. Criterios de avaliación.....	14
6.2.4. Contidos mínimos esixibles.....	15
7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	15
7.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	16
7.2. Criterios e porcentaxes de cualificación.....	16
7.3. Criterios e procedemento para a concesión de ampliación de matrícula.....	16
7.4. Medidas de recuperación.....	17
7.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios.....	17
7.4.2. Probas extraordinarias.....	17
7.4.3. Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua.....	18
8. ANEXOS.....	18
8.1. Proba de acceso a outros cursos.....	18
8.2. Rúbrica de avaliación e folia de calibración para exames e/ou audicións.....	18

1. Introducción

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de MÚSICA DE CÁMARA durante os dous cursos, 5º e 6º do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida

1.1. MARCO LEGAL

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se

establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

CIRCULAR 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.

ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

DECRETO 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.

DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ALUMNADO

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22. 000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada, son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós-Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutríndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio. Ademais outras agrupacións de distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nótrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada. A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén

condiciona que moitos alumnos poidan cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria e os estudos de música.

2. Metodoloxía

Como corresponde ao desenvolvemento dun currículo aberto, os aspectos relativos ao cómo ensinar non teñen un carácter normativo e os métodos de ensino son en gran medida responsabilidade do profesor. Así pois, pretendemos aquí expoñer as directrices que seguiremos no desempeño do noso labor pedagóxico.

A disciplina de Música de Cámara ten unha carga lectiva de 2 horas semanais, tanto en 5º como en 6º curso do Grao Profesional.

O ensino de Música de Cámara desenvolverase a través de técnicas de ensinanza que serán individuais, en grupo e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nos obxectivos ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras ata un programa de concerto.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo, os espazos e os recursos dispoñibles.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios que rexirán na elaboración desta programación didáctica e na actividade docente, dotándoa deste modo de coherencia e sentido, serán:

- Actividade: O carácter instrumental da especialidade de música de cámara require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndolas vai implícito na nosa ensinanza.
- Autonomía: Cada alumno/a será orientado nas súas clases en grupo e nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- Creatividade: Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- Individualización: A nosa ensinanza da materia é grupal na maior parte do tempo, pero en cada clase terase en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.

- Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas: co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- Convivencia: A nosa ensinanza require de traballo en equipo e fomentará en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- Significación: Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación real.
- Interdisciplinariade: Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Música de Cámara teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que presenten diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos alumnos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Propoñer actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado, e que poder afectar ós seguintes aspectos:

- **Á metodoloxía**, utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.
- **Ás actividades**, deseñando algunhas específicas, diminuindo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.
- **Á avaliación**, empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.

A posible adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar, en calquera caso, os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da óptica de apreciación e valoración do corpo humano e as súas posibilidades de movemento no contexto musical. Ademais, tamén se contempla cómo a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, pode incidir no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora

de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.

- A **educación moral e cívica** abordarámola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia, nos diversos contextos musicais e na propia convivencia da aula.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O centro conta con equipos informáticos con conexión a internet, así coma WIFI para alumnos e profesores. Para a materia de Música de Cámara, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de audio, vídeos ou libros especializados.

Segundo está recollido nos documentos organizativos do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanza

Estas actividades cumpren diversas funcións:

- Completar a formación dos alumnos.
- Servir de actividades de formación e avaliación.
- Dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno.
- Como factor de motivación.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos ou en colaboración con outras institucións externas ao Centro. Serán programadas ao comezo do curso e consistirán en:

- Audicións, exposicións, proxeccións, concursos ou conferencias.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos fora do centro.

6. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica por cursos de Música de Cámara, que se imparte exclusivamente no grao profesional.

6.1. QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

6.1.1. Obxectivos

- Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.
- Fomentar un espírito crítico e esixente no alumno para coa súa propia interpretación individual e de conxunto, que o conduza a unha actividade metódica no estudo e detallista na interpretación.
- Interpretar con corrección e musicalidade axeitada as obras de programa tanto en cuanto á execución individual como de conxunto.

6.1.2. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agóxica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director. •
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos. •
- Conxunto de instrumentos monódicos.
- Conxuntos de corda: igualdade de son nos distintos ataques do arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.

- Conxuntos de vento: igualdade nos ataques, articulación, fraseo, etc. Respiración, afinación e vibrato.
- Conxuntos de metais: práctica camerística en formacións diversas.
- Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Equilibrio de cordas, vento e piano. Articulación, afinación, fraseo, etc.
- Estudo de obras de cámara con piano ou instrumento polifónico obrigado.
- Práctica de lectura a primeira vista de obras de mínima dificultade, respectando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.
- Audición comparada de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

6.1.3. Criterios de avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

CRITERIOS

- **Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente.** Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- **Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.** Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- **Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado.** Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- **Interpretar en público obras de estilos e épocas diversas.** Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

6.1.4. Contidos mínimos esixibles¹

- Interpretar axeitadamente, con calidade artística, un programa integrado por dúas obras de estilos diferentes e dunha duración de alomenos vinte

¹ A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

minutos, en pequenas formacións (de dous a cinco membros). O repertorio elixirase en función do tipo de formación e das dificultades técnicas e musicais, acordes a este nivel. As obras serán orixinais para cada formación instrumental, podéndose traballar obras non orixinais no caso de que inflúa positivamente na formación do grupo.

- Interpretar en audición pública ou de aula as obras traballadas durante o curso. As audicións, de periodicidade e duración flexible, se distribuirán ó longo do curso, debendo cada grupo participar nun mínimo de dúas delas. No caso dunha participación menor, o grupo interpretará o seu programa nunha audición a final de curso

6.2. SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

6.2.1. Obxectivos

- Valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.
- Fomentar un espírito crítico e esixente no alumno para coa súa propia interpretación individual e de conxunto, que o conduza a unha actividade metódica no estudo e detallista na interpretación.
- Interpretar con corrección e musicalidade axeitada as obras de programa tanto en cuanto á execución individual como de conxunto.

6.2.2. Contidos

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Agónica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.
- Equilibrio sonoro e de planos.

- Análise e interpretación de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Conxunto de instrumentos monódicos.
- Conxuntos de corda: igualdade de son nos distintos ataques do arco, vibrato, afinación, etc., distribución do arco para o fraseo.
- Conxuntos de vento: igualdade nos ataques, articulación, fraseo, etc. Respiración, afinación e vibrato.
- Conxuntos de metais: práctica camerística en formacións diversas.
- Cámara con piano: equilibrio nos ataques dentro da diversidade de respostas.
- Equilibrio de cordas, vento e piano. Articulación, afinación, fraseo, etc.
- Estudo de obras de cámara con piano ou instrumento polifónico obrigado.
- Aplicación dos coñecementos de baixo continuo ao acompañamento de un ou varios solistas.
- Práctica de lectura a primeira vista de obras de mínima dificultade, respectando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra.
- Audición comparada de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

6.2.3. Criterios de avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

CRITERIOS

- **Interpretar obras de distintas épocas e estilos dentro da agrupación correspondente.** Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.
- **Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.** Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra.
- **Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado.** Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical.
- **Interpretar en público obras de estilos e épocas diversas.** Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

6.2.4. Contidos mínimos esixibles²

- Interpretar axeitadamente, con calidade artística, un programa integrado por dúas obras de estilos diferentes e dunha duración de alomenos vinte minutos, en pequenas formacións (de dous a cinco membros). O repertorio elixirase en función do tipo de formación e das dificultades técnicas e musicais, acordes a este nivel. As obras serán orixinais para cada formación instrumental, podéndose traballar obras non orixinais no caso de que inflúa positivamente na formación do grupo.
- Interpretar en audición pública as obras traballadas durante o curso. As audicións, de periodicidade e duración flexible, se distribuirán ó longo do curso, debendo cada grupo participar nun mínimo de dúas delas. No caso dunha participación menor, o grupo interpretará o seu programa nunha audición a final de curso.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A avaliación será **continua ou de procesos**, de forma que nos permita un control e seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto da planificación inicial.

Así mesmo, realizarase unha **avaliación inicial ou diagnóstica** que nos permita identificar os coñecementos previos dos alumnos, as súas destrezas, habilidades e actitudes previas para así poder planificar o traballo que deberá realizar cada alumno en particular.

En última instancia realizarase unha **avaliación final ou de resultados** ao final de cada trimestre e ao final do curso que, ao comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais, serviranos como referente para medir os avances do alumno.

Unha **avaliación criterial**, comparando o progreso do alumno coas metas establecidas previamente en relación coa súa propia situación inicial utilizarase para avaliar o progreso de alumnos con necesidades educativas especiais.

² A superación dos devanditos criterios suporá una cualificación mínima. A NON realización dos contidos mínimos esixibles será motivo da non superación do curso.

7.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O control da adquisición dos contidos por parte dos alumnos realizarase a través de:

- **Traballo persoal diario:** a observación sistemática durante as clases proporciona información acerca do progreso do alumno. Observarase a rendemento do alumno na clase, a súa puntualidade e súa realización dos exercicios, traballos ou actividades propostos.
- **Probos prácticas:** Realización de concertos ou audicións

Como ferramentas de avaliación empregarase o caderno do profesorado, a rúbrica de avaliación e a folla de calibración para exames ou audicións. No caderno do profesorado quedará recollida a información e valoración do traballo de aula, o rendemento do alumno e a execución nas audicións e ca folla de calibración valoraranse ditas audicións a audición trimestral. Poderá utilizarse, no seu caso, gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

7.2. CRITERIOS E PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Traballo diario: 70%	Exames/Audicións: 30%
----------------------	-----------------------

Como hai tres avaliacións, haberá un total de tres probas de avaliación.

A nota final da materia será o resultado da media obtida das cualificacións de cada un dos trimestres, ponderada do seguinte xeito:

1º Avaliación (30%)	2º Avaliación (30%)	3º Avaliación (40%)
---------------------	---------------------	---------------------

7.3. CRITERIOS E PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para conceder a ampliación de matrícula, é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os profesores de todas as materias consideren que pode superar os do seguinte. O protocolo para seguir é o seguinte:

- 1.- O profesorado que considere a posibilidade de ampliación de matrícula, poñerá en contacto co titor do alumno.
- 2.- O titor solicitará á xefatura de estudos unha xunta evaluadora extraordinaria (ou no seu caso, unha sesión de avaliación ordinaria) coa totalidade dos profesores do alumno implicado, para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula, así como a información que se transmitirá ao alumno, pais ou titores legal sobre o proceso.

O tutor levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado. Para que a ampliación de matrícula sexa posible, deberá haber un acordo unánime de todo o profesorado.

3.- O tutor informará á familia, se é menor de idade, ou ao alumno, se é maior de idade, sobre o estado do proceso. A información achegada polo tutor debe ser de carácter global, é dicir, que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de maneira colectiva por parte de todos os docentes do alumno cunha decisión unánime e firme. No caso de que a familia ou o alumno maior de idade non desexase seguir co procedemento, este conclúe.

4. No caso de que se aconselle a súa promoción, o tutor deberá informar ao alumno maior de idade ou á familia, acerca da solicitude que deberá realizar á atención da dirección do centro para levala ao consello escolar. O consello escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola dirección. Aquelas que leven o visto e prace, serán reflectidas no acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumno deberá ir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes.

No que atinxe á a materia de Música de Cámara, o alumno que sexa obxecto dunha ampliación de matrícula terá que demostrar a superación da programación que se expón para o curso no que estea matriculado inicialmente o alumno. Se un alumno de 5º curso realiza ampliación a 6º, a programación que se esixirá para a proba será a de Música de Cámara de 5º.

O procedemento consistirá nunha proba de carácter parello ás probas trimestrais ou audicións efectuadas ao longo do curso.

7.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

7.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Poderanse realizar exames de recuperación ao longo do curso, nos que o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda á avaliación non superada.

A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non ter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón.

7.4.2. Probas extraordinarias

A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non acade cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de curso.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación ordinaria poderá realizar a proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar.

7.4.3. Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua.

Nos casos en que, dacordo co procedemento disposto, o profesor considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba. O procedemento consistirá nunha proba de carácter parello ás probas trimestrais ou audicións efectuadas ao longo do curso

8. Anexos

8.1. PROBA DE ACCESO A OUTROS CURSOS

Consultar o documento de información das probas de acceso ao Centro

8.2. RÚBRICA DE AVALIACIÓN E FOLLA DE CALIBRACIÓN PARA EXAMES E/OU AUDICIÓNS

FOLLA DE CALIBRACIÓN PARA EXAMES E/OU AUDICIÓNS

INDICADORES	PORCENTAXE
Adecuación á partitura	30%
Calidade do son e/ou afinación	30%
Interpretación	40%

	Moi deficiente 1	Insuficiente 2	Aprobado 3	Notable 4	Sobresaínte 5
Interpretación en grupo 50%	Falta aos ensaios, non estudia a partitura, non se organiza o material nin o estudo . Non e capaz de adaptarse á afinación e ritmo do grupo. Non coñece a xestualidade básica para a interpretación en grupo nin mostra interese por aprendela Non participou na audición ou concerto porque non estaba preparado	Amosa boa actitude en clase pero non prepara a súa parte de estudo na casa. Coñece os xestos básicos da interpretación en grupo pero non é capaz de reaccionar as indicacións dos compañeiros. Moita inseguridade durante a interpretación por falta de traballo individual ou de grupo	Amosa boa actitude nas clases e respecto polo traballo do grupo en cada sesión. Reacciona as indicacións para adaptasé á afinación articulacións e axustes rítmicos do grupo. Aplica a xestualidade básica durante a interpretación. Reacciona correctamente ás indicacións do grupo. Interpretación correcta.	Participativo nas clases e reacciona as indicacións para adaptasé á afinación articulacións e axustes rítmicos do grupo. Aplica a xestualidade básica durante a interpretación. Reacciona con seguridade ás indicacións do grupo. Interpretación solvente.	Amosa moito interese, prepara moito as clases e propón ideas para o traballo en grupo. Seguridade na escoita das demais partes e executa a súa con control. Utiliza diferentes sonoridades e articulacións para adaptarse ao grupo. Gran dominio da xestualidade durante a interpretación e gran reacción as indicacións. Interpretación brillante.
Interpretación individual 30%	Non e capaz de ler a primeira vista. É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta.	Lé con dificultade e con bastantes erros. Apenas estudia a súa parte. A interpretación está fora do estilo e carácter da obra. Os matices dinámicos e/ou agónicos inadecuados. O fraseo e as articulacións son inadecuadas. Amosa dificultade ou falta de control da afinación e/ou o ritmo nalgúns pasaxes	Lé aceptablemente a súa parte, que trae estudada normalmente. Matices dinámicos e agónicos aceptables. O fraseo e as articulacións son aceptables aínda que non sempre adecuados ou comprensibles. Problemas habituais de afinación, sonoridade e ritmo.	Lé de maneira competente e estuda. Adopta, en xeral, ben o estilo e o carácter da obra. Matices dinámicos e agónicos, en xeral, adecuados á obra. En xeral, o fraseo é claro e axeitado. Articulacións ben realizadas. Amosa control da afinación, sonoridade e ritmo.	Lé sen dificultade todas as indicación da partitura e Sempre leva a súa parte estudiada Adopta moi ben o estilo e o carácter da obra, con musicalidade. Matices dinámicos e agónicos adecuados á obra. O fraseo é claro e axeitado. Articulacións moi ben realizadas. Excelente control da afinación, sonoridade e ritmo.
Coñecementos 20%	Non amosa ningún interese polos coñecementos teóricos e estilísticos do repertorio	Ten coñecementos moi básicos sobre o autor, obra ou estilo	Ten os coñecementos suficientes sobre o autor, obra e estilo	Adquiriu e demostrou ter notables coñecementos sobre o autor, obra e estilo	Investigou sobre o autor para adquirir máis coñecementos. É capaz de facer propostas, comentarios e propoñer cuestións sobre o estilo de interpretación.